

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO (BRASIL) PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA CARREIRA SOLIDARIA

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2024

### REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, representada neste acto polo presidente da entidade, Pablo Valdecabres Polop, que actúa no seu nome e representación en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.


As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.-** De acordo co establecido no artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

**Terceiro.-** Na cidade de Sao Paulo, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen ao redor de 44.000 emigrantes galegos e galegas. Estes datos confirman a Brasil coma o segundo país no continente americano onde máis persoas galegas residen na actualidade, tras Arxentina.



**Cuarto.-** A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, que posúe un centro de asistencia social para persoas maiores e dependentes, dirixido a procurar un envellecemento saudable. Desta actividade benefíciase a colectividade de orixe galego residente na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes que se atopa nunha situación de necesidade.

**Quinto.-** A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo está a organizar o denominado Circuito Rosalía, unha carreira solidaria cuxa recadación se destinara aos fins sociais que vén desenvolvendo esta sociedade.

**Sexto.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo para a realización desta iniciativa filantrópica.

A entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter senlleiro e excepcional, por tratarse dunha actuación puntual que non pode enmarcarse dentro da actuación xeneralizada de axudas establecida para este tipo de actividades, con base no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública debido á propia natureza do proxecto.

O carácter solidario da actuación, e o que esta representa para a colectividade galega que reside en Sao Paulo e municipalidades limítrofes, xustifican o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLAUSULAS


### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Emprego, comercio e Emigración e a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da celebración dunha carreira solidaria.

### Segunda.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte mil euros (20.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

### Terceira.- Compatibilidade



A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

#### **Cuarta.- Pagamento**

O pagamento realizarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

#### **Quinta.- Prazo e forma de xustificación**

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de decembro de 2024.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa, que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos deste convenio, asinada por quen represente a entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada por quen represente entidade.
- Fotografías que recollan o resultado da actuación realizada.
- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do/da acredor/a e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: *Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia de forma  total  parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): ..... €.*

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas ou, de ser o caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas



mediante declaración responsable do representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixe constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo polo representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- De ser o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros deles derivados.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificarse o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre que se tivera acadado o seu obxecto, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

### **Sexta.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

### **Sétima.- Obrigas das partes**

1- A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo:




- Realizar a contratación, dirección, coordinación, e cantas outras actuacións sexan precisas para levar a cabo o obxecto deste convenio.
- Destinar os fondos percibidos a financiar a citada actuación.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Comunicarlle de forma inmediata á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Remitirlle á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada sobre a súa actividade cando llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio, a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

## 2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula segunda, condicionado ao cumprimento do estipulado neste convenio.

## Oitava.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.
2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



### **Novena.- Causas de resolución do convenio**

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do convenio e darán lugar, de ser o caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución
2. Son causas de resolución:
  - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
  - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordada a súa prórroga
  - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes
  - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
  - e) A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
  - f) Calquera outra causa prevista nas leis.

### **Décima.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:


- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

### **Décimo primeira.- Relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.



A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento pola outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **Décimo segunda.- Publicidade, seguimento e colaboración**

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Décimo terceira.- Réxime xurídico**

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaría Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e demais normativa de aplicación.


#### **Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 22 de decembro de 2024, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

De acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.


O conselleiro de Emprego, Comercio  
e Emigración

José González Vázquez



O presidente da Asociación Beneficiente  
Rosalía de Castro

Pablo Valdecabres Polop

A handwritten signature in blue ink, consisting of a vertical line and a diagonal line crossing it, representing Pablo Valdecabres Polop.